

Todas as funcións representaranse ás 20:30 h.

Tarifas >

- **Tarifa La velocidad del otoño**
26,00 - 22,00 - 18,00 - 12,00 euros
- **Tarifa Especial**
21,50 - 15,00 - 13,00 - 9,50 euros
- **Tarifa A**
18,00 - 14,00 - 11,00 - 8,50 euros
- **Tarifa B**
14,00 - 10,00 - 8,00 - 6,50 euros

Carné xove, máis de 65 anos, desempregados: -20%

Venda de billetes >

- Despacho de billetes da praza de Ourense de luns a venres (agás festivos) de 9:30 a 13:00 h. e de 16:30 a 19:30 h.
- Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro aberto só os días de función de de 16:00 a 20:00 h.
- Televenda: 902 044 226
Luns a venres de 9:00 a 22:00 h.
Sábados de 14:00 a 22:00 h.
Domingos de 16:00 a 21:00 h.
- web: <https://ticketea.com>
(servizo permanente 24 h.)

Pagos >

- Despacho de billetes da Praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito excepto American Express.

Máis información:



e na web:
www.coruna.es/cultura



D.L.: C1143-2017

VENRES 1 / SÁBADO 2
DECEMBRO
Histrión Teatro

LORCA, LA CORRESPONDENCIA PERSONAL

De Federico García Lorca



Unha hora antes de morrer, Federico García Lorca, encerrado entre as catro paredes dunha cela, deixa voar a súa desbordante imaxinación, lembrando os principais momentos da súa vida.

Un percorrido poético, alegre e triste, vital e desesperado, amargo e doce, onde as cartas que enviou aos seres amados convértense no fío condutor.

Reparto:

Gema Matarranz, Alejandro Vera

Equipo artístico/técnico:

Dramaturxia e dirección:

Juan Carlos Rubio

Deseño de espazo escénico: **Curt Allen**

Wilmer (aapee) y Leticia Gañan

Construción de escenografía e atrezzo:

Alvaro Gómez Candela

Axudantía de dirección: **Luis Miguel**

Serrano Martín

Música orixinal e espazo sonoro:

Miguel Linares

Diseño de iluminación: **Juan**

Felipe Tomatierra

Comunicación: **Encarni Torres**

Deseño gráfico: **Rafa Simón e**

Sofía G. Peula

Duración > 75 minutos

Entradas > tarifa B

MARTES 5 / MÉRCORES 6
DECEMBRO

Il maquinario Teatro RESACA

De Tito Asorey e Ana Carreira



No verán de 2016, cinco amigos deciden xuntarse co ánimo de reconstruír a súa propia memoria xeracional e familiar a través da historia dunha persoa común que desapareceu e marcou as súas vidas: Alex.

Unha morea de cadernos, centos de pensamentos, conversas, fotos, vinilos, casetes e obxectos diversos son os materiais empregados como punto de partida para unha investigación que tamén se converte en descuberta persoal por parte de cada un deles. Como influíron na conformación do discurso individual os nosos referentes? Cantas versións diferentes poden existir sobre un mesmo recordo? De que maneira nos pode salvar a memoria da vertixe dun mundo de ritmos cambiantes e imparables?

Reflexionando sobre esas preguntas, tratan de revivir certos momentos do pasado transitando entre os límites da realidade e a ficción para poder comprender algo do presente e o futuro, para entender a importancia de estar dun

lado ou outro da mesa, para procurar espazos de pausa e rebeldía nos que poder investigar sobre as orixes.

Resaca é o resultado da investigación documental dos vestixios deixados por Alex, unha tentativa por recompoñer a historia de alguén a quen non acabaron de coñecer de todo. Un xeito de falar dunha xeración a través dunha persoa común.

Un espectáculo sobre a resaca da existencia. Unha celebración da vida e da amizade.

Reparto:

Melania Cruz, Fernando González, Fran Lareu, Laura Miguez, Vadim Yuhknevich

Equipo artístico/técnico:

Dirección: **Tito Asorey**

Deseño de escenografía:

Montse Piñeiro, Laura Iturralde

Iluminación: **Jose Manuel Faro "coti"**

Atrezzo: **Laura Iturralde e**

Montse Piñeiro

Vestuario: **Ilmaquinario teatro**

Dirección musical: **Vadim Yuhknevich**

Textos: **Tito Asorey, Ana Carreira,**

Melania Cruz, Fernando González,

Fran Lareu, Laura Miguez, María

Peinado, Vadim Yuhknevich

Axudantía de dirección:

María Peinado

Dramaturxia: **Tito Asorey e**

Ana Carreira

Duración > 70 minutos

Entradas > tarifa B



VENRES 22 / SÁBADO 23
DECEMBRO

Teatro de la Ciudad en coproducción co Teatro de la Abadía LA TERNURA

De Alfredo Sanzol



La Ternura conta a historia dunha raíña algo meiga e as súas dúas fillas, princesas, que viaxan na Armada Invencible obrigadas por Felipe II a casar en matrimonios de conveniencia con nobres ingleses unha vez que se lograse con éxito a invasión de Inglaterra. A Raíña Esmeralda odia aos homes porque sempre condicionaron a súa vida e quitáronlle a liberdade, así que non está disposta a que as súas fillas teña o mesmo destino ca ela. Cando a Armada pasa preto dunha illa que A Raíña considera deserta crea unha tempestade que afunde o barco no que viaxan. O seu plan é quedar a vivir nesa illa coas súas fillas para non volver ver un home na súa vida. O problema é que elixen unha illa na que desde fai vinte anos viven un leñador cos seus dous fillos que fuxiron alí para non volver ver unha muller na súa vida. En canto a raíña e as dúas princesas descubren que non están soas vístense de homes para protexerse. E aquí comezan as aventuras, as leas, os namoramentos, e as confusións. Almas atormentadas, plans e requiebros, corazóns salvaxes, desexos, tremores, visións, xogos, enganos, relacións imprevisibles, enfados, beleza, confianza, maxia, enredos, aire, terra, tormentas, esconxuros,

tolemia, celos, amores eternos, inocencia? En definitiva, TENRURA.

Reparto:

O leñador Verdemar: **Paco Déniz**

A raíña Esmeralda: **Elena González**

A princesa Salmón: **Natalia Hernández**

O leñador Azulcielo: **Javier Lara**

O leñador Marrón: **Juan**

Antonio Lumbreras

A princesa Rubí: **Eva Trancón**

Equipo artístico/técnico:

Texto e dirección: **Alfredo Sanzol**

Espazo escénico e vestuario:

Alejandro Andújar

Iluminación: **Pedro Yagüe**

Música: **Fernando Velázquez**

Axudante de dirección: **Beatriz Jaén**

Dirección de produción:

Miguel Cuervo, Joseba Gil

Director técnico / Iluminación:


Juan Luis Moreno

Rexidora / Sastra: **Remedios Gómez**

Duración > 120 minutos

Entradas > tarifa E

Outono 2017 CICLO PRINCIPAL Teatro Rosalía Castro



VENRES 22 / SÁBADO 23
SETEMBRO

Coproducción de Focus e Centro
Dramático Nacional (CDN) – INAEM

LA AUTORA DE LAS MENINAS

De Ernesto Caballero



DOMINGO 1 / OUTUBRO

Coproducción de Pentación
Espectáculos e TalyCual Producciones

LA VELOCIDAD DEL OTOÑO

De Eric Coble




SÁBADO 14 / OUTUBRO

Compañía de teatro A Panadaria

ELISA E MARCELA

De Esther F. Carrodegua, Gena
Baamonde e A panadaria



VENRES 3 / SÁBADO 4
NOVIEMBRE

Buxman Producciones e
Kamikaze Producciones

TODO EL TIEMPO DEL MUNDO

De Pablo Messiez



VENRES 17 / SÁBADO 18
NOVIEMBRE

Sarabela Teatro

NORMAS PARA SABER VIVIR NA SOCIEDADE ACTUAL

De Jean-Luc Lagarce



“En un futuro no muy lejano la crisis financiera que sacude Europa obliga al Estado español a desprenderse de su patrimonio artístico. Ante la posibilidad de la venta de Las meninas, una afamada monja copista recibe el encargo de realizar una réplica exacta del original velazqueño. A partir de ese momento, la religiosa se va a ver atrapada en una encrucijada de intereses diversos, al tiempo que sufrirá una repentina transformación de su personalidad cuando la humilde artesana del pincel se convierta en una reconocida figura de las artes plásticas y en una estrella mediática.

La autora de Las meninas es una sátira distópica en la que se aborda el lugar que debe ocupar el arte en la sociedad, así como el controvertible concepto de bienestar social. La obra, igualmente, despliega una mirada irónica sobre el ensimismamiento ególatra de buena parte de la creación más vanguardista y comprometida de los últimos años, así como sobre la banalización de la experiencia artística convertida en multitudinario acontecimiento mediático en sintonía con los grandes parques temáticos de entretenimiento de masas.”

Ernesto Caballero

CDN
Centro Dramático Nacional



GOBIERNO
DE ARAGON
Departamento de Industria
e Innovación



VENRES 6 / SÁBADO 7
OUTUBRO

Teatro El Temple

LA VIDA ES SUEÑO

De Calderón de la Barca

Reparto:
Lola Herrera, Juanjo Artero

Equipo artístico/técnico:

Dirección e espazo escénico: Magüi

Mira / Versión: Bernabé Rico

/ Productor: Jesús Cimarro /

Iluminación: José Manuel Guerra

Duración > 75 minutos

Entradas > Tarifa Velocidad del otoño

La vida es sueño disecciona, cunha estrutura complexa, moi ben elaborada e de profunda carga simbólica, a capacidade do ser humano para exercer a súa liberdade fronte ao destino. Obra filosófica ben sustentada nunha trama escénica onde os xogos de poder crúzanse co desexo carnal e onde a realidade está sempre contaxiada polo onírico.

Reparto:

Segismundo: José Luis Esteban / Basilio:

Jesus Bazaan / Clotaldo: Félix Martín

/ Rosaura: Minerva Arbués / Astolfo:

Francisco Fraguas / Estrella: Encarni

Corrales / Clarín: Alfonso Palomares

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Carlos Martín / Dramaturxia:

Alfonso Plou / Producción: María

López Insausti / Música: Gonzalo

Alonso / Escenografía: Tomás

Ruata / Iluminación: Tatoño Perales

/ Vestuario: Ana Sanagustín /

Caracterización: Langas estilistas

Duración > 105 minutos

Entradas > tarifa A

O 8 de xuño de 1901 dúas mulleres, Elisa e Marcela, casan na igrexa de San Xurxo na Coruña. Para conseguir enganar ao cura e facer oficial o seu amor, Elisa transfórmase en Mario. A boda e os posteriores sucesos que envolven a súa historia convirtenas no primeiro matrimonio homosexual do que temos constancia en todo o estado mais tamén nunhas das mulleres máis transgresoras da Historia de Galicia. Elisa e Marcela son un símbolo do desafío ás regras do binomio de xénero e da defensa dos dereitos das parellas lésbicas.

Reparto:

Areta Bolado, Noelia Castro

e Ailén Kendelman

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Gena Baamonde /

Escenografía, deseño de iluminación e

son: A panadaria / Vestuario: Fany Bello

Música: Ailén Kendelman

/ Coreografía: A panadaria

Duración > 75 minutos

Entradas > tarifa B



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Un profesor de ximnasia atopa o corpo dun alumno seu, de 11 anos, aforcado coa corda de adestramento.

Repudiado pola súa contorna, que o considera culpable do ocorrido, Igor, emprende unha procura na que se debuxan os límites entre a culpa e a responsabilidade.

Reparto:

Iñaki Rikarte

Equipo artístico/técnico:

Dirección e escenografía:

Fernando Bernués

Iluminación, banda sonora, proxeccións:

Acrónica Producciones

Vestuario: Ana Turrillas

Imaxes: Mikel Gurrea

Coordinación técnica: Edi Naudó

Duración > 65 minutos

Entradas > tarifa B

Flores é un zapateiro de señoras. Cada noite, ao pechar a súa zapatería, recibe a visita de estrañas persoas que lle contan o seu futuro, revélanlle detalles do seu pasado ou chegan, mesmo, a desvelar as súas historias presentes. Algo sucede cada noite co tempo, cando non hai testemuñas, que fai que todas estas historias convivan á vez, superpoñendo pasados e futuros nun presente continuo, no que o señor Flores tentará comprender quen é.

Se o pasado está feito de relatos e o futuro está feito de desexos, en que lugar, entre as palabras e as cousas, está o noso presente? Estas son as preguntas que formula Pablo Messiez.

Reparto:

Amanda Recacha, Rebeca

Hernando, Oscar Velado, María

Morales, José Juan Rodríguez, Iñigo

Rodríguez Claro e Mikele Urroz

Equipo artístico/técnico:

Dirección: Pablo Messiez

Luces: Paloma Parra

Escenografía e vestuario: Elisa Sanz

Axudante de dirección:

Javier L. Patiño

Dirección de produción:

Jordi Buxó e Aitor Tejada

Duración > 90 minutos

Entradas > tarifa E

Escrita en 1.993 por Jean Luc Lagarce, o autor contemporáneo máis representado en Francia, parte dun coñecido manual de boas maneiras escrito no século XIX pola inexistente baronesa de Staffle, quen de forma sutil dá instrucións de como debemos comportarnos.

NACER NON É COMPLICADO, MORRER É MOI FÁCIL, VIVIR ENTRE ESTES DOUS ACONTECEMENTOS NON É NECESARIAMENTE IMPOSIBLE»

Baixo a forma dun divertimento irónico, cómico e en aparencia lixeiro esconde a crítica feroz a unha sociedade que, coas súas normas e coa súa hipocresía, fai imposible a sinceridade.

Reparto:

Fina Calleja, Sabela Gago,

Elena Seijo, Fernando Dacosta,

Vadzm Yuhknevich

Equipo artístico/técnico:

Dirección e dramaturxia: Ánxeles

Cuña Bóveda Deseño de escenografía

e iluminación: Baltasar Patiño

Deseño de vestuario: Ruth D. Pereira

Espazo sonoro: Vadzm Yuhknevich

Versión: Fernando Gómez Grande

Tradución: Nate Borrajo

Coreografía: Ana Beatriz Pérez

Directora axudante: Paloma Lugilde

Duración > 100 minutos

Entradas > tarifa B



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

